

**A muller no mundo
laboral**

5

Introdución

Na exposición de motivos da Lei Orgánica 3/2007 do 22 de Marzo para a igualdade efectiva de mulleres e homes (vixente ata 1/01/2017) dise: " O artigo 14 de España proclama o dereito á igualdade e á non discriminación por razón de sexo. Pola súa banda o artigo 9.2 consagra a obriga dos poderes públicos de promover as condicións para a igualdade do individuo e dos grupos en que se integra sexan reais ou efectivos".

A igualdade, é así mesmo, un principio fundamental en la U.E., no que se refire ao acceso ao emprego, formación, promoción profesional e ás condicións de traballo. A violencia de xénero, a discriminación salarial, a discriminación nas pensións de viuvez, o maior desemprego feminino, a escasa presenza das mulleres en postos de responsabilidade política, social, cultural e económica, ou os problemas de conciliación entre a vida persoal, laboral e familiar, mostra que a igualdade plena e efectiva aínda non se conseguiu.

O Título IV desta Lei Orgánica 3/2007, do 22 de Marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, ocúpase do dereito ao traballo en igualdade de oportunidades entre mulleres e homes no acceso ao emprego, na formación profesional e nas condicións de traballo e contéplase especificamente o de negociar plans de igualdade nas empresas de mais de 250 traballadores/as.

As recomendacións que se fan a España están orientadas a aumentar os incentivos para que as mulleres participen no mercado de traballo e incrementar a dispoñibilidade e accesibilidade dos servizos para o coidado de fillos e outras persoas dependentes.

A situación de desigualdade da muller segue sendo palpable non só en España e Europa, senón no resto do mundo. La OIT puxo a voz de alarma sobre a feminización da pobreza, resultado, en parte das diferenzas de xénero no ámbito laboral. Aumenta o número de mulleres que acceden ao emprego pero tamén aumenta o número de mulleres no paro. A taxa de actividade das mulleres españolas está por debaixo das europeas e a taxa de emprego feminino, aínda que mellorou nos últimos anos, aínda é mais baixa que a das mulleres europeas. A taxa de paro feminino, que tende a reducir distancias co masculino, segue sendo elevada.

As diferenzas salariais entre home e mulleres na media de la UE fóronse reducindo progresivamente. En España a evolución foi mínima, non só mantéñense unhas grandes diferenzas salariais, por razón de sexo, senón que a porcentaxe de mulleres con ingresos anuais superiores a 30.000 euros é moi reducida.

Ao longo deste capítulo queremos deixar reflexo da necesidade de adoptar medidas que reduzan as dificultades da muller para acceder e manter o emprego, a temporalidade, a precariedade, a desigualdade salarial e dificultades para conciliar a vida familiar, laboral e

persoal. A estes elementos debe unirse a importante segregación ocupacional por sexos, o emprego feminino céntrase en determinadas ramas de actividade (segregación horizontal) e en determinadas categorías profesionais (segregación vertical).

Mais complicado parece que desapareza o "teito de cristal" ou "chan pegañento": barreira invisible formada por unha complexa trama de estruturas en organizacións dominadas polos homes, que impiden que as mulleres accedan a postos de gran responsabilidade e recoñecemento social, e que en moitos casos crean que o elixiron elas libremente.

5.1 A muller na poboación galega

Neste capítulo atenderemos o mercado de traballo de Galicia dende a perspectiva da posición que nel ocupan as mulleres. Comezaremos este achegamento á problemática da muller no mercado de traballo galego analizando a participación relativa da muller na poboación galega.

As mulleres son maioría na poboación galega (así como na de cada unha das súas provincias) e na española, como se comproba co cadro 5.1. De cada 100 homes que hai en Galicia en 2015, hai 107,4 mulleres; o dato na Coruña é de 108,2, en Lugo de 106,2; en Ourense de 108 e en Pontevedra de 106,8 (todos moi por enriba da media española: 103,7)

Cadro 5.1

**Poboación de Galicia e España.
Por sexo e provincias. Padrón municipal a 1 de
Xaneiro de 2015**

	Ambos sexos	Varóns	Mulleres
España	46.624.382	22.890.383	23.733.999
Galicia	2.732.347	1.317.054	1.415.293
A Coruña	1.127.196	541.292	585.904
Lugo	339.386	164.605	174.781
Ourense	318.391	153.043	165.348
Pontevedra	947.374	458.114	489.260

Fonte: Instituto Nacional de Estadística. Padrón de habitantes

No cadro 5.2 constatamos que no ano 2015 había na Unión Europea aproximadamente 51,18% de poboación feminina.

Cadro 5.2

Poboación España e U.E.% de mulleres 2013/2015

	2013	2014	2015
EU 28	51,18	51,20	51,18
España	50,74	50,74	50,86

Fonte: EUROSTAT

A porcentaxe de mulleres sobre a poboación total dende 1996 figura no cadro 5.3. Destacaremos que dende ese ano ata 2008 hai unha lixeira diminución do número de mulleres, para volver aumentar a partir de 2009.

Cadro 5.3

Poboación e índice de femineidade 1996- 2014

ANO	Ambos sexos	Mulleres	Homes	Índice de femineidade
2014	47.771.341	23.785.665	22.985.676	103,48
2013	47.129.783	23.933.397	23.196.386	103,18
2012	47.265.321	23.966.965	23.298.356	102,87
2011	47.190.493	23.907.306	23.283.187	102,68
2010	47.021.031	23.794.846	23.226.185	102,45
2009	46.745.807	23.628.819	23.116.988	102,21
2008	46.157.822	23.310.085	22.847.737	102,02
2007	45.200.737	22.860.775	22.339.962	102,33
2006	44.708.964	22.608.498	22.100.466	102,30
2005	44.108.530	22.327.661	21.780.869	102,51
2004	43.197.684	21.912.437	21.285.247	102,95
2003	42.717.064	21.682.738	21.034.326	103,08
2002	41.837.894	21.273.805	20.564.089	103,45
2001	41.116.842	20.951.328	20.165.514	103,90
2000	40.499.791	20.678.407	19.821.384	104,32
1999	40.202.160	20.531.518	19.670.642	104,32
1998	39.852.651	20.364.186	19.488.465	104,49
1996	39.669.394	20.269.845	19.399.549	104,49

Fonte: INE. Padrón Municipal

A distribución por sexo de cada un dos grupos de idade en Galicia pode verse no cadro 5.4, que pon de manifesto que:

- Os homes son maioritarios nos sete grupos de menor idade (ata o grupo: 40-44, inclusive).

- As mulleres son maioritarias nos outros once grupos de idade e a diferenza a favor das mulleres vaise abrindo progresivamente á medida que avanzamos na idade.

A maior esperanza de vida das mulleres e a maior emigración dos homes están, sen dúbida, entre os factores explicativos.

Cadro 5.4

**Poboación de Galicia.
Por idade (grupos quinquenais) e sexo. 2015**

Idade	Galicia		
	Ambos sexos	Homes	Mulleres
0 - 4	103.502	53.617	51.168
5 - 9	114.351	58.708	55.643
10 - 14	108.168	55.631	52.537
15 - 19	103.560	53.247	50.313
20 - 24	119.855	61.244	58.611
25 - 29	140.176	70.634	69.542
30 - 34	181.930	91.696	90.233
35 - 39	224.823	112.613	112.210
40 - 44	218.024	109.203	108.821
45 - 49	209.878	103.752	106.126
50 - 54	198.771	97.824	100.947
55 - 59	186.016	90.754	95.262
60 - 64	167.386	81.097	86.289
65 - 69	167.221	79.254	87.967
70 - 74	142.536	65.160	77.413
75 - 79	121.091	51.885	69.206
80 - 84	116.633	45.836	70.797
85 - 89	69.237	24.006	45.231
90 - 94	30.074	8.773	21.301
95 - 99	7.659	1.809	5.850
100 e máis	1.419	310	1.109
Total	2.732.347	1.317.054	1.415.293

Fonte: INE. Padrón municipal

Para ver se a primacía numérica da muller en Galicia se asenta en motivos biolóxicos ou hai unha causalidade social, pode observarse no cadro 5.5 que no último cuarto de século en todos e cada un dos anos naceron en Galicia máis homes que mulleres. Destacaremos os seguintes aspectos:

- O importante descenso dos nacementos tocou fondo en 1998, ano no que o total de nacementos non chegou á metade dos de 1980 (quedou no 47,3%).


- No ano 2003 recuperouse o nivel dos 20.000 nacementos (por vez primeira dende 1993) e en 2008 chegouse aos 23.281 nacementos, para volver diminuír a partir dese ano.

- Da diferenza entre homes e mulleres do ano 1980 (1.384 persoas) pasouse na actualidade a 889 nenos máis que nenas en 2014.

Cadro 5.5

Nacemento segundo o sexo
nacido/a.1985-2014. Galicia.

Ano	Homes	Mulleres
1984	15.702	14.835
1985	14.682	13.745
1986	13.517	12.661
1987	13.360	12.464
1988	12.671	11.887
1989	12.146	11.446
1990	11.552	10.949
1991	11.331	10.596
1992	11.149	10.484
1993	10.956	10.328
1994	10.113	9.570
1995	9.702	9.097
1996	9.529	9.068
1997	9.647	9.036
1998	9.621	8.917
1999	9.691	9.093
2000	10.052	9.366
2001	9.955	9.406
2002	9.987	9.340
2003	10.539	9.884
2004	10.652	9.969
2005	10.867	10.230
2006	11.075	10.317
2007	11.173	10.497
2008	12.036	11.245
2009	11.644	11.002
2010	11.443	10.507
2011	11.544	10.608
2012	10.990	10.099
2013	10.990	10.099
2014	10.316	9.427



Fonte: INE. Movemento natural de poboación

No cadro 5.6, últimos datos dispoñibles, compróbase que, a poboación extraese en Galicia só representa o 1,95% do total de España. Galicia é a cuarta Comunidade Autónoma por porcentaxe de mulleres estranxeiras sobre o total dos estranxeiros. Supera o 1,04 puntos a media estatal, despois de Asturias, Madrid e Cantabria.

Cadro 5.6

**Poboación estranxeira. Porcentaxe de mulleres
Por CC.AA. 2009-2014**

	2009	2010	2011	2012	2013	2014
España	43,66	47,83	47,86	48,13	48,53	48,84
Andalucía	43,31	47,86	47,92	48,16	48,64	48,64
Aragón	39,72	45,70	45,71	46,19	46,59	47,42
Asturias	44,49	50,80	50,81	50,77	51,70	51,62
Baleares	45,01	48,64	48,71	48,84	49,23	49,54
Canarias	45,89	49,25	49,26	49,41	49,53	49,66
Cantabria	42,71	49,29	49,36	49,77	40,17	50,31
Castela e León	42,79	47,59	47,64	47,84	48,51	48,90
Castela A Mancha	39,83	45,56	45,61	45,87	46,51	47,00
Cataluña	42,02	46,46	46,49	46,86	47,34	47,65
C. Valenciana	44,48	47,68	47,70	47,80	48,10	48,40
Estremadura	43,42	47,78	47,80	48,00	48,51	48,77
Galicia	44,75	49,61	49,66	49,31	49,63	49,88
Madrid	46,59	50,30	50,31	50,86	51,20	51,52
Murcia	40,57	44,09	44,12	44,48	44,93	45,18
Navarra	42,16	46,02	46,07	46,63	47,13	47,38
País Vasco	42,88	48,58	48,58	48,55	48,97	49,32
A Ríoxa	40,62	46,46	46,47	47,04	47,65	48,79
Ceuta	44,70	49,64	49,70	49,14	48,25	49,37
Melilla	42,99	46,52	46,61	46,32	46,69	48,80

Fonte: INE. Explotación Estatística do Padrón

5.2 Muller e actividade económica de mercado

5.2.1 Introducción

Só nas últimas décadas a muller comezou a incorporarse maioritariamente en Galicia á actividade económica "de mercado", posto que tradicionalmente realizou un importante traballo, pero non retribuído senón ligado prioritariamente á esfera doméstica (incluíndo ademais dos labores do fogar o coidado dos nenos e nenas, das persoas minusválidas, etc.).

A invisibilidade deste traballo, que non computa na xeración do PIB, comezou a ceder paso no último cuarto de século por unha incorporación á vida activa similar á masculina nos grupos de idade máis novos, pero queda moito camiño por andar para que poidamos falar dun mercado laboral realmente equilibrado por sexos.

Xa vimos no capítulo anterior que as mulleres, malia ser máis que os homes entre a poboación de polo menos 16 anos, son moitas menos na poboación activa (e moi especialmente na ocupada), mentres que son maioría na poboación desempregada e na inactiva.

Podemos complementar ese cadro co 5.7, que detalla para as provincias galegas a distribución porcentual da poboación. Destacaremos que no cuarto trimestre do 2015:

Cadro 5.7

Distribución porcentual da poboación de alomenos 16 anos. Pola relación coa actividade económica. Por sexo e provincia. 2014-2015

	Taxas de actividade		Taxas de desemprego	
	2014	2015	2014	2015
Ambos sexos				
A Coruña	54,50	54,70	18,40	17,40
Lugo	50,40	51,90	16,20	16,00
Ourense	48,20	47,80	20,60	20,40
Pontevedra	55,20	54,50	25,50	22,50
Homes				
A Coruña	60,00	60,10	18,80	17,00
Lugo	54,80	56,30	15,10	15,20
Ourense	51,40	50,60	21,40	19,50
Pontevedra	60,90	60,40	24,90	21,60
Mulleres				
A Coruña	49,60	49,80	18,00	17,90
Lugo	46,30	47,80	17,50	16,80
Ourense	45,20	45,10	19,70	21,30
Pontevedra	49,80	49,00	26,10	23,50

Fonte: INE, EPA do 4º trimestre

- A taxa de actividade maior alcánzana os homes na provincia de Pontevedra (60,4%) e a menor é a das mulleres en Ourense (45,1%)

-A provincia con menor taxa de actividade masculina, Ourense (50,6%), está por enriba en máis de 10 puntos porcentuais, da de Pontevedra. A que ten maior taxa de actividade feminina é Pontevedra (49%), seguida da Coruña (49,8%). A taxa máis baixa está en Ourense con 45,1%.

- A taxa de actividade en Galicia, no grupo de mulleres só chega ao 48,7% fronte ao 58,8% de homes

- A taxa máis alta de desemprego no colectivo feminino e masculino encontrámola en Pontevedra (22,5%) tanto no grupo de homes coma no de mulleres.

- A taxa de desemprego máis baixa é a de Lugo cun 15,5% nos homes e 16,8% en mulleres.

5.2.2. Actividade e inactividade

A moito menor taxa de actividade das mulleres en Galicia (e en cada unha das súas provincias) en relación coa dos homes xa foi obxecto de estudo no capítulo 4; para completar esa análise presentamos no cadro 5.8 as taxas de actividade de homes e mulleres en cada unha das comunidades autónomas. Destacaremos que:

- A taxa de actividade feminina en cuarto trimestre 2015 está en Galicia case 5 puntos porcentuais por baixo da media española.

- A taxa de actividade masculina en Galicia supera en máis de 10 puntos á feminina, pero está 6,8 puntos por debaixo da media estatal para o grupo de homes.

Cadro 5.8

Taxa de actividade por sexo e comunidade autónoma. 2014-2015

	Varóns		Mulleres	
	2014	2015	2014	2015
España	65,95	65,69	53,90	53,70
Andalucía	66,22	65,50	52,74	52,29
Aragón	65,27	65,10	52,26	52,63
Asturias	56,94	56,55	46,84	46,83
Illas Baleares	69,26	70,91	57,31	60,72
Canarias	67,09	68,04	56,15	56,96
Cantabria	62,84	62,26	49,87	50,26
Castela A Mancha	66,37	65,94	51,04	51,22
Castela e León	61,28	61,17	48,72	48,62
Cataluña	68,24	67,87	57,28	57,04
C. Valenciana	65,68	65,20	52,49	53,24
Estremadura	63,29	63,05	47,86	47,51
Galicia	58,62	58,60	48,73	48,74
Madrid	70,28	70,49	59,90	59,24
Murcia	68,25	67,58	53,97	51,39
Navarra	65,29	64,07	53,93	53,65
País Vasco	62,99	62,42	52,91	51,46
A Ríoxa	65,52	66,07	53,07	52,91
Ceuta	71,56	67,24	49,39	47,07
Melilla	64,09	67,38	47,48	47,18

Fonte: INE, EPA 4º trimestre de 2015
Unidades: Porcentaxe

O estudo da poboación inactiva realizado no último epígrafe do capítulo 4 completáremolo aquí focalizando na perspectiva de xénero. O cadro 5.9 pon de manifesto que:

- A principal situación de inactividade da muller galega deixa de ser "labores do fogar" (28,9%) e pasa ao primeiro posto "xubilación ou prexubilación" (34,3%).

- A principal situación de inactividade dos homes en Galicia é a de xubilado ou prexubilado (co 62,1% dos inactivos), mentres que nas mulleres é de 34,3%. A pequena proporción de mulleres que realizaron en décadas anteriores un traballo retribuído é a explicación principal deste importante desaxuste, que contribúe a que ser muller de idade avanzada se constituía hoxe nun dos principais factores de risco para formar parte das bolsas de pobreza.

- O 11,6% das inactivas galegas son estudantes e a porcentaxe ascende ao 15,2% entre os homes.

- O cobramento das pensións de viuvez prioritariamente por mulleres (xa que en décadas anteriores os/as cotizantes á Seguridade Social eran en proporción moi maioritaria os homes) explica que a porcentaxe de mulleres perceptoras de pensións diferentes ás ligadas á xubilación é máis cinco veces maior que nos homes.

Cadro 5.9

Poboación inactiva. Por clase de inactividade, sexo e comunidade autónoma. 2015

	Total	Estudante	Xubilado/a ou prexubilado/	Labores do fogar	Incapacitado/ a permanente	Perceptor/a pensión distinta da xubilación (ou prexubilación)	Outras situacións ⁽¹⁾
Homes							
España	100	19,1	60,6	5,5	8,7	2,5	3,5
Andalucía	100	21,7	55,3	5,6	10,8	2,4	4,3
Aragón	100	18,5	66,9	3,8	7,2	1,2	2,3
Asturias	100	13,7	64,3	4,1	11,0	3,3	3,5
Baleares	100	18,7	54,6	11,9	6,9	3,3	4,6
Canarias	100	20,9	52,6	7,5	10,7	3,0	5,4
Cantabria	100	19,0	59,6	4,3	8,6	3,8	4,7
C. León	100	15,9	68,1	4,4	7,3	1,9	2,3
C. A Mancha	100	21,0	60,1	4,7	9,2	1,7	3,3
Cataluña	100	18,3	63,4	4,6	6,9	3,8	3,0
C. Valenciana	100	18,0	61,3	6,5	8,6	2,2	3,3
Extremadura	100	18,4	58,5	6,2	9,4	3,0	4,5
Galicia	100	15,2	62,1	6,1	10,2	3,6	2,9
Madrid	100	21,0	63,7	4,7	5,7	1,3	3,7
Murcia	100	20,5	54,0	5,1	12,9	3,3	4,2
Navarra	100	21,0	59,9	6,7	8,9	0,8	2,8
País Vasco	100	17,7	62,5	6,6	9,0	1,7	2,6
A Rioxa	100	18,1	66,5	4,8	5,6	1,5	3,4
Ceuta	100	27,8	37,9	11,7	9,7	3,2	9,7
Melilla	100	31,2	38,0	3,7	9,8	4,8	12,6
Mulleres							
España	100	13,8	22,6	37,5	7,1	17,6	1,3
Andalucía	100	15,4	17,4	40,7	7,4	18,0	1,0
Aragón	100	13,1	21,9	39,2	7,4	17,5	0,8
Asturias	100	10,4	25,1	35,5	8,2	20,1	1,0
Baleares	100	14,2	30,1	34,0	3,8	14,8	3,1
Canarias	100	17,2	16,5	37,6	8,9	17,5	2,2
Cantabria	100	12,7	22,9	38,6	6,2	17,7	1,8
C. León	100	12,5	21,1	40,6	6,6	18,4	0,8
C. A Mancha	100	14,3	10,4	48,1	7,3	18,6	1,3
Cataluña	100	12,1,4	29,7	32,6	5,0	18,6	1,8
C. Valenciana	100	13,5	25,9	35,9	9,4	14,3	1,0
Extremadura	100	15,0	12,3	41,9	7,0	22,3	1,5
Galicia	100	11,6	34,3	29,4	7,0	17,0	0,8
Madrid	100	14,5	22,7	38,1	6,0	17,0	1,7
Murcia	100	15,3	18,6	41,7	9,1	13,8	1,4
Navarra	100	15,3	22,3	34,5	8,6	18,4	0,9
País Vasco	100	13,0	20,5	37,2	8,1	20,4	0,7
A Rioxa	100	13,7	25,1	41,3	5,1	13,7	1,1
Ceuta	100	18,2	6,6	56,1	4,3	14,2	0,6
Melilla	100	21,4	7,3	43,6	4,0	14,6	9,1

(1) A categoría "Outra situación" inclúe aos inactivos/as que non mencionan ningunha situación de inactividade e declaran estar buscando emprego ou traballar

Datos en porcentaxes, respecto da poboación inactiva total de cada comunidade autónoma
Fonte: INE, EPA 4º trimestre

A desagregación en dous grupos de idade do cadro 5.10 permítenos constatar que no tramo de 20-24 anos, as mulleres inactivas superan os homes inactivos en 300 persoas mentres

que a medida que avanzamos en idade, tamén o facemos en diferenza, ata chegar a unha diferenza de 19.800 inactivas máis no grupo de 55 a 64 anos e a 93.000 no tramo de >65 anos.

Cadro 5.10

Inactivos/as por grupo de idade, sexo e comunidade autónoma. Valores absolutos. Galicia 2013 - 2015																								
	Total			De 16 a 19 anos			De 20 a 24 anos			De 25 a 34 anos			De 35 a 44 anos			De 45 a 54 anos			De 55 a 64 anos			De 65 e máis anos		
	2013	2014	2015	2013	2014	2015	2013	2014	2015	2013	2014	2015	2013	2014	2015	2013	2014	2015	2013	2014	2015	2013	2014	2015
Homes	462,9	468,4	467,4	39,0	38,6	38,2	30,3	31,4	30,3	16,1	18,1	17,3	16,6	16,0	16,9	28,0	25,4	24,6	72,0	71,6	70,8	260,9	267,5	269,3
Mulleres	630,8	631,8	630,1	38,9	37,2	37,1	29,9	32,6	30,6	22,5	22,4	22,0	33,7	33,1	33,8	50,8	53,8	53,7	96,9	92,5	90,6	358,1	360,2	362,3
Galicia	1.093,7	1.100,2	1.097,5	77,9	75,8	75,3	60,2	64,0	60,9	38,6	40,5	39,3	50,3	49,1	50,7	78,8	79,2	78,3	168,9	164,1	161,4	619,0	627,7	631,6

Fonte INE

Evidentemente, a incorporación máis igualitaria da muller ao mundo do traballo retribuído vaise producindo nos estratos de poboación máis novos.

5.2.3. Emprego e desemprego

Dentro da poboación activa inclúese tanto a que está a traballar (poboación ocupada) como a que busca emprego activamente (poboación desempregada).

A distribución porcentual da poboación ocupada por sexos e sectores económicos en cada unha das comunidades autónomas para o 2015 figura no cadro 5.11; nel destacaremos, no referido a Galicia e o total español, que:

- O 84,9% das mulleres con emprego en Galicia traballan no sector servizos (en España alcanza o 89,2%).
- A porcentaxe de mulleres que traballan en Galicia no sector agropesqueiro supera o dobre da media española de mulleres, mentres que nos homes non chega a duplicalo.
- A subrepresentación da muller por sectores económicos é especialmente rechamante na construción, actividade na que só chega ao 1,1% de ocupación, case igual que a media estatal (1%).
- No capítulo 4 pode comprobarse que a taxa de ocupación da muller en Galicia continúa estando moi por baixo da masculina.

Cadro 5.11

Distribución porcentual dos ocupados/as por sector económico,
comunidade autónoma e sexo. 2015

	Total	Agricultura	Industria	Construción	Servizos
Andalucía					
Homes	100,0	10,1	11,3	9,2	69,3
Mulleres	100,0	5,0	4,3	0,5	90,2
Aragón					
Homes	100,0	8,8	27,8	9,6	53,9
Mulleres	100,0	2,2	10,5	1,5	85,8
Asturias					
Homes	100,0	3,8	24,6	9,7	61,8
Mulleres	100,0	2,9	4,8	0,9	91,4
Baleares					
Homes	100,0	1,5	11,2	15,4	71,8
Mulleres	100,0	0,5	3,1	1,2	95,2
Canarias					
Homes	100,0	4,0	6,9	8,9	80,3
Mulleres	100,0	1,8	1,6	0,6	96,0
Cantabria					
Homes	100,0	4,3	21,5	9,7	64,5
Mulleres	100,0	1,9	7,6	1,1	89,3
C. León					
Homes	100,0	10,6	23,1	11,4	54,9
Mulleres	100,0	2,7	7,5	1,1	88,6
C. A Mancha					
Homes	100,0	9,6	20,4	11,3	58,7
Mulleres	100,0	2,6	8,2	0,8	88,4
Cataluña					
Homes	100,0	2,5	25,2	10,2	62,0
Mulleres	100,0	0,5	11,7	1,0	86,9
C. Valenciana					
Homes	100,0	5,4	23,6	10,3	60,7
Mulleres	100,0	1,6	10,3	1,0	87,1
Extremadura					
Homes	100,0	14,6	13,6	13,0	58,8
Mulleres	100,0	5,0	5,5	1,1	88,5
Galicia					
Homes	100,0	7,6	21,4	12,7	58,3
Mulleres	100,0	4,8	9,2	1,1	84,9
Madrid					
Homes	100,0	0,2	12,0	9,3	78,5
Mulleres	100,0	0,2	6,0	1,3	92,5
Murcia					
Homes	100,0	17,8	16,7	8,5	57,0
Mulleres	100,0	5,7	7,1	0,6	86,6
Navarra					
Homes	100,0	5,1	32,8	11,1	51,0
Mulleres	100,0	1,8	14,2	0,7	83,2
País Vasco					
Homes	100,0	2,0	32,9	8,8	56,4
Mulleres	100,0	0,5	7,5	1,7	90,2
A Ríoxa					
Homes	100,0	9,6	32,8	9,8	47,8
Mulleres	100,0	1,9	17,2	1,0	79,9
Ceuta					
Homes	100,0	0,1	2,7	4,7	92,5
Mulleres	100,0	-	1,7	3,3	95,1
Melilla					
Homes	100,0	-	2,1	3,1	94,8
Mulleres	100,0	-	4,0	0,0	96,0
España					
Homes	100,0	5,8	19,1	10,2	65,0
Mulleres	100,0	2,1	7,7	1,0	89,2

Datos en porcentaxe

Fonte: INE, EPA, 4º trimestre

As taxas de paro en 2015 en cada unha das comunidades españolas e desagregación por sexos figuran no cadro 5.12, que mostra que:

Cadro 5.12

**Taxas de desemprego.
Por sexo e comunidade autónoma. 2015**

	Homes	Mulleres
España	20,77	23,55
Andalucía	29,05	34,49
Aragón	13,29	19,90
Asturias	19,59	18,60
Baleares	17,34	17,26
Canarias	27,88	30,56
Cantabria	16,47	19,02
C. A Mancha	22,54	31,29
C. León	15,97	21,07
Cataluña	17,84	19,44
C. Valenciana	21,91	23,80
Estremadura	25,67	33,54
Galicia	18,65	20,04
Madrid	18,81	17,33
Murcia	21,69	28,43
Navarra	12,68	15,16
País Vasco	14,87	14,67
A Ríoxa	14,12	16,92
Ceuta	21,59	36,54
Melilla	29,65	40,09

Fonte: INE, EPA, 4º trimestre

- A taxa de paro das mulleres é 1,99 puntos superior á dos homes en Galicia e con 3,51 puntos de diferenza por debaixo da media española.

- As taxas de desemprego feminino son especialmente altas en Ceuta, Andalucía e Estremadura.

- A taxa de desemprego feminino máis baixa tena Navarra e o seu valor é 15,16%, seguida do País Vasco (14,67%).

A desagregación por grupos de idade do desemprego de Galicia reflíctese no cadro 5.13.

Cadro 5.13

Taxa de paro. Por idades e sexos. Galicia. 2015

	Menores de 25 anos	Maiores de 25 anos
Homes	5.995	100.829
Mulleres	5.365	116.619

Datos DICIEMBRE 2015

Fonte: SEPE

5.3. Demandas de emprego e paro rexistrado

Demandantes son os traballadores e traballadoras que se inscriben nos servizos públicos de emprego para a busca dun emprego ou mellorar o que posúen, para recibir outros servizos alleos ao emprego (orientación para o autoemprego, formación ocupacional,...) ou pola obrigatoriedade de inscribirse para recibir unha Prestación por Desemprego, Subsidio, Renda Activa de Inserción ou calquera tipo de prestación ou axuda.

Os/as demandantes de emprego clasifícanse en determinados colectivos de pertenza e así calcúlase por exclusión a cifra de paro rexistrado, ao poder reunir a demanda dunha traballador/a dous ou máis situacións. Estableceuse a seguinte orde de preferencia contabilizándose un demandante no primeiro colectivo que aparece:

- Demandantes inscritos sen dispoñibilidade
- Demandantes de emprego non parados:
 - Demandantes con baixa dispoñibilidade para o emprego
 - Demandantes ocupados ou con relación laboral
 - Demandantes dun emprego específico
 - Outros demandantes sen emprego/non ocupados.
- Demandantes de emprego parados

Cadro 5.14

Parados/as. Por idade e sexo. Galicia. 2015 en miles

	Nº parados/as		
	Mulleres	Homes	Total
16 a 19	1,90	3,10	5,00
20 a 24	10,30	12,50	22,80
25 a 29	14,90	15,90	30,80
30 a 34	18,40	15,10	33,50
35 a 39	18,60	15,30	33,90
40 a 44	17,90	16,00	33,90
45 a 49	14,90	15,00	29,90
50 a 54	11,60	13,60	25,20
55 a 59	8,10	11,80	19,90
60 a 64	3,40	4,90	8,30
65 e mais	0,10	0,10	0,20
Total	120,10	123,30	243,40

Fonte: IGE-INE Enquisa de Poboación Activa

Os demandas de emprego pendentes de demandantes parados/as en 2015 foron 243.400 segundo a información da Enquisa de Poboación Activa. Deles o 50,7% correspondía ao colectivo de homes (España 50.6%) e o 49.3% ao de mulleres (España 49,4%). Por tramos de idade, no grupo de mulleres, son as de entre 35-44 anos (30,4%) e 25-34 (27,7%) as que

máis demandas acumulan; mentres que no dos homes son os de 25-34 anos (25,2%) e 35-44 (25,4%).

Destaca a diminución do desemprego feminino en relación co masculino.

Cadro 5.15

Parados/as. Por nivel académico e sexo. Galicia. 2015.

	Nº parados/as		
	Mulleres	Homes	Total
Analfabetos	0	1	1
Estudios primarios	9	13	22
etapa	42	57	99
etapa	26	25	51
Educación superior	42	28	70
Total	120	123	243

Miles de personas

Fonte IGE-INE

Centrándonos no nivel de estudos as diferenzas non son tan apreciáveis xa que nos dous grupos, é o colectivo de "Educación secundaria 1ª etapa", os que acumulan o maior número de demandas pendentes de demandantes parados. As mulleres 35% e homes 46,3%. As mulleres con Educación Superior teñen un peor comportamento en canto ás demandas de emprego pendentes chegando ao 35,1%, fronte ao 21% de homes.

Cadro 5.16

Demandas de emprego pendentes de demandantes parados/as. Segundo grupo principal de ocupación. Por provincias. Decembro 2015

	Homes				Mulleres			
	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
A Direct. e Xerent.	486	84	94	431	232	34	24	184
B Técnicos e prof. Saúde e Ensino	445	138	126	388	1.711	493	470	1.515
C Outros tec. Científicos e intelect.	2.577	519	530	2.021	3.711	670	700	2.670
D Técnicos profesionais de apoio	4.602	938	949	4.802	3.526	782	733	3.541
E Empregados oficiña non públicos	1.558	381	476	1.673	5.065	1.189	1.359	5.124
F Empregados oficiña públicos	311	59	68	316	1.430	265	348	1.418
G Trab. Servizos Restaur.e Comercio	2.968	731	912	2.983	12.116	3.269	3.422	13.081
H Trab. serv. Saúde	463	113	139	466	4.685	1.531	1.687	4.611
I Trab. serv. prot. e seg.	811	330	329	677	119	85	55	141
J Trab. Cualificados Agricul. Gandeí.	1.633	478	546	1.693	455	193	233	795
K Trab. cual. Construcción	8.922	2.280	2.206	8.777	114	30	30	119
L Trab. cual. industrias. Manufactu.	5.080	1.213	1.134	5.051	1.734	261	264	2.216
M Operador instal. y Maquin.	923	288	344	956	2.588	120	554	1.396
N Conductor operador maquin. móvil	3.171	1.315	1.222	3.252	152	61	46	265
O Traballa. non cualificado servizos	1.368	206	277	1.051	8.077	2.039	2.593	8.393
P Peóns Agricultura e construcción	6.718	2.140	2.496	7.134	2.145	452	858	3.787
Q Ocupacións Militares	18	8	4	26	6	1	2	9
TOTAL	42.054	11.221	11.852	41.697	47.866	11.475	13.378	49.265

Fonte: SEPE

Por grupo principal de ocupación segundo os datos do SEPE, as mulleres demandantes de emprego paradas, solicitan en maior número as seguintes ocupacións:

- Traballadoras de servizos de restauración e comercio, 31.888 (26,14%).
- Traballadoras de non cualificadas de servizos, 21.102 (17,30%)

- Traballadoras de servizo saúde, 12.514
- Empregada de oficina non publico, 12.737

No colectivo masculino, a profesión mais demandada segue sendo "Traballadores cualificados da construción" con 22.185 demandantes parados 20,77% (España 18,7%), seguida de peóns agrícolas e de construción con 18.488 demandantes 17,26%; estas seguen sendo profesións reservadas aos homes.

Cadro 5.17

Parados/as. Por actividade económica e sexo. Galicia. 2015

	Nº parados/as		
	Mulleres	Homes	Total
O. Sen emprego anterior	12.309	5807	18.116
A Agricultura, gandería, caza e selvicultura e pesca	2.398	6.831	9.229
B Industrias extractivas	131	478	609
C Industrias manufactureiras	13.395	13.761	27.156
D Subministración enerxía eléctrica, gas, vapor e A.A	29	96	125
E Subministración de auga, actividades de saneamento	271	691	962
F Construción	2.636	25.505	28.141
G Comer., repar. vehíc. motor, motocicl. e art. persoal	20.029	11.654	31.683
H Transporte e almacenamento	1.872	5.210	7.082
I Hostalaría	19.327	8.079	27.406
J Información e comunicacións	1.543	1.352	2.895
K Activid. Financeiras e de seguros	893	651	1.544
L Actividades inmobiliarias	466	269	735
M Actividades profesionais, científicas e técnicas	5.362	3.276	8.638
N Actividades administrativas e servizos auxiliares.	13.782	9.068	22.850
O Admon. Pública e defensa; Seguridade social obrig.	7.018	7.735	14.753
P Educación	4.085	1.748	5.833
Q Actividades sanitarias e servizos sociais	7.099	1.014	8.113
R Actividades artísticas, recreativas e entretemento	1.711	2.157	3.868
S Outros servizos	4.466	1.241	5.707
T Actividades dos fogares como empregadores do persoal domestico; e como produto	3.134	181	3.315
U Actividades de Organizacións e Org. Extraterritoriales	28	20	48
Total	121.984	106.824	228.808

Fonte: SEPE

En canto á sección da actividade económica hai que destacar a actividade de comercio (16,41%) como a máis demandada, seguida de "hostalaría" con 15,84%, "actividades administrativas e servizos auxiliares" con 11,3% e "industrias manufactureiras". En España en primeiro lugar aparece Comercio, seguida Hostalaría e de Actividades administrativas.

Ao igual que vimos coas ocupacións mais demandadas, é a "construción" a sección de actividade económica onde o colectivo de homes concentra en maior medida as súas expectativas laborais, cun 23,88%, seguido de actividade de "industrias manufactureiras" e comercio.

Aínda que se aprecian actividades económicas igualmente demandadas por homes e mulleres, seguen existindo outras reservadas case exclusivamente ás mulleres, como "actividades sanitarias e de servizos sociais", "hostalaría" e "educación".

Cadro 5.18

**Demandas de emprego pendentes de demandantes parados/as.
Segundo idade e duración da demanda e sexo, por provincias. Decembro 2015**

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia
HOMES					
> 25 anos					
< 1 mes	392	106	130	370	998
De 1 a <= 6 meses	1.184	396	406	1.408	3.394
De > 6 meses a <= 1 ano	249	67	97	288	701
De máis de 1 ano	350	93	108	351	902
Total	2.175	662	741	2.417	5.995
< 25 anos					
< 1 mes	4.974	1.195	1.175	4.724	12.068
De 1 a <= 6 meses	11.994	3.311	3.354	13.040	31.699
De > 6 meses a <= 1 ano	4.787	1.233	1.251	4.882	12.153
De máis de 1 ano	18.124	4.820	5.331	16.634	44.909
Total	39.879	10.559	11.111	39.280	100.829
Total	42.054	11.221	11.852	41.697	106.824
MULLERES					
> 25 anos					
< 1 mes	381	81	99	328	889
De 1 a <= 6 meses	1.089	306	336	1.202	2.933
De > 6 meses a <= 1 ano	269	62	83	259	673
De máis de 1 ano	333	107	109	321	870
Total	2.072	556	627	2.110	5.365
< 25 anos					
< 1 mes	4.263	1.034	878	4.116	10.291
De 1 a <= 6 meses	12.186	3.228	3.288	13.266	31.968
De > 6 meses a <= 1 ano	6.082	1.425	1.660	5.918	15.085
De máis de 1 ano	23.263	5.232	6.925	23.855	59.275
Total	45.794	10.919	12.751	47.155	116.619
Total	47.866	11.475	13.378	49.265	121.984

Fonte: SEPE

As mulleres maiores de 25 anos representa o 95,6% (En España 92,5%) das demandas pendentes de demandantes parados/ás fronte ao 94,38% dos homes (90,57% en España). O 50,83% das mulleres maiores de 25 anos permanecen máis dun ano como demandantes de emprego (44,54% homes).

Cadro 5.19

Demandas de emprego pendentes
Segundo clasificación da demanda. Por sexo e por provincias. Decembro 2015

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia
HOMES					
Non parados					
Con dispoñibilidade limitada	2.695	679	1.003	3.225	7.602
Con relac. Laboral	2.667	602	409	2.967	6.645
Ocupados	2.423	705	657	2.338	6.123
Demandan empregos específicos	113	42	54	232	441
Outros non ocupados	3.672	922	984	2.933	8.511
Total	11.570	2.950	3.107	11.695	29.322
Parados	42.054	11.221	11.852	41.697	106.824
Total	53.624	14.171	14.959	53.392	136.146
MULLERES					
Non paradas					
Con dispoñibilidade limitada	1.888	361	686	2.179	5.114
Con relac. Laboral	3.048	404	460	3.130	7.042
Ocupadas	4.918	1.703	1.674	5.250	13.545
Demandan empregos específicos	164	78	91	305	638
Outras non ocupadas	2.803	867	921	2.559	7.150
Total	12.821	3.413	3.832	13.423	33.489
Paradas	47.866	11.475	13.378	49.265	121.984
Total	60.687	14.888	17.210	62.688	155.473
TOTAL	114.311	29.059	32.169	116.080	291.619

Fonte: SEPE

Cadro 5.20

Baixas de demandas de emprego.
Segundo causa da baixa. Por sexo e por provincias. Decembro 2015

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia
HOMES					
Baixas por colocación					
Con oferta previa	64	19	25	83	191
Sen oferta previa	3.380	897	798	3.756	8.831
Total	3.444	916	823	3.839	9.022
Non renovación	2.596	665	715	2.528	6.504
Outras causas	528	88	83	609	1.308
Total	6.568	1.669	1.621	6.976	16.834
MULLERES					
Baixas por colocación					
Con oferta previa	125	49	76	89	339
Sen oferta previa	4.279	1.221	1.137	4.172	10.809
Total	4.404	1.270	1.213	4.261	11.148
Non renovación	2.994	865	870	3.013	7.742
Outras causas	617	125	91	762	1.595
Total	8.015	2.260	2.174	8.036	20.485

Fonte: SEPE

Para finalizar faremos unha referencia ás baixas na demanda de emprego. As baixas por colocación representa o 54,42% (España 57%) no grupo de mulleres, fronte ao 53,59% no dos homes.

Cadro 5.21

Perfil dos parados/as en xeral. Ano 2014. Galicia

Descrición	Perfil tipo
Sexo	Muller
Grupo de idade	35 a 39
Nivel académico	Ata Certificado Escolaridade
Sección da clasific. CNAE	Construción
Ocupación máis demand. no ámbito feminino a 4 díx.	Vendedoras en tiendas o almacénes
Ocupación máis demand. no ámbito masculino a 4 díx.	Peones de construción de edificios

Fonte: Instituto Galego das Cualificacións

5.4. Contratos de traballo

Neste capítulo utilizaremos os cadros elaborados polo Instituto Galego de Estatística e os facilitados polo SEPE

No capítulo 7, dedicado á contratación móstranse os datos facilitados polo SEPE por tipos de contratos e sexo, que servirán como información complementaria para este capítulo.

No ano 2015 a contratación feminina supuxo o 47,19% do total da contratación, tanto de contratos iniciais, como conversión en indefinidos e Adscricións en Colaboración social. Se o distribuímos os contratos iniciais supuxeron o 47,22%, as conversións o 46,27% e as Adscrición o 29,22% do total de ambos os dous sexos, sempre por debaixo da contratación masculina.

Se facemos unha análise por nivel de formación, observamos que a contratación feminina é inferior á masculina en todos os niveis agás no de Estudos Superiores chegando ao 58,6%.

Outra característica dos contratos concertados con mulleres é que o son maioritariamente no sector servizos.

Cadro 5.22

Contratos rexistrados segundo xénero, modalidade do contrato e nivel de formación. Galicia 2015

	Mulleres	Homes
TOTAL CONTRATOS		
Total contratos rexistrados	414.282	463.552
Total contratos iniciais	403.100	450.567
Conversións a indefinidos	11.182	12.985
ANALFABETOS		
Total contratos rexistrados	15.659	24.994
Total contratos iniciais	15.313	24.574
Conversións a indefinidos	346	420
ESTUDOS PRIMARIOS		
Total contratos rexistrados	75.862	103.335
Total contratos iniciais	73.938	100.622
Conversións a indefinidos	1.924	2.713
ESTUDOS SECUNDARIOS		
Total contratos rexistrados	255.834	288.771
Total contratos iniciais	249.364	281.001
Conversións a indefinidos	6.470	7.770
ESTUDOS SUPERIORES		
Total contratos rexistrados	65.851	46.392
Total contratos iniciais	63.409	44.310
Conversións a indefinidos	2.442	2.082
SEN CLASIFICAR		
Total contratos rexistrados	1.076	60
Total contratos iniciais	1.076	60
Conversións a indefinidos	0	0

Fonte: Consellería de Economía, Emprego e Industria

Segundo o seguinte cadro o 87% das mulleres traballadoras galegas exercen a súa profesión no sector servizos. O segundo sector de importancia é a industria onde traballa o 11,20%. Na Agricultura e Construción a representación feminina é moi escasa.

Cadro 5.23

**Contratos nos catro grandes sectores de actividades
Galicia. 2015**

	Mulleres	Hombres
Agricultura	4.753	23.061
Industria	46.419	79.250
Construcción	2.228	47.814
Servizos	360.882	313.427
Total	414.282	463.552

Fonte: IGE

O sector servizos é o único onde a contratación feminina supera a masculina representando un 53,51% do total dos contratos realizados neste sector. Dentro deste sector, a actividade de comercio (58.089 contratos) e Hostalaría (99.229 contratos), concentran maior número de mulleres traballadoras en 2014 fronte ao total do sector servizos de 360.882 contratacións.

Cadro 5.24

Contratos sectoriais por seccións (clasificación CNAE) e sexo. Galicia. 2015

	Muller	Home	Total
A Agricultura, gandería, caza e selvicultura e pesca	4.621	22.395	27.016
B Industrias extractivas	50	664	714
C Industrias manufactureira	44.165	72.302	116.467
D Subministración de enerxía elec, gas, vapor e aire acondic.	41	269	310
E Subministración de auga, saneamento, residuos desconta.	893	3.261	4.154
F Construción	2.041	45.961	48.002
G Comercio por xunto e polo miúdo, reparación vehiculos mo.	58.089	38.676	96.765
H Transporte e almacenamento	12.458	67.484	79.942
I Hostalaría	99.436	81.575	181.011
J Información e comunicacións	6.534	8.173	14.707
K Actividades financeiras e de seguros	2.963	1.661	4.624
L Actividades inmobiliarias	694	643	1.337
M Actividades profesionais, científicas e técnicas	12.899	11.152	24.051
N Actividades administrativas e servizos auxiliares	42.893	28.375	71.268
O Admón, pública e defensa; seguridade social obrigatoria	11.831	8.670	20.501
P Educación	20.182	10.089	30.271
Q Actividades sanitarias e de servizos sociais	35.908	6.424	42.332
R Actividades artísticas recreativas e de entretemento	20.452	35.978	56.430
S Outros servizos	17.205	6.340	23.545
T Actividades dos fogares e uso prop.	9.725	479	10.204
U Orga. Extraterritoriales	13	3	16
Total	403.093	450.574	853.667

Fonte: SPPE

A distribución do emprego feminino está moi ligada ás ocupacións que desempeñan, por iso é importante analizar como se distribúen os empregos segundo a ocupación.

Se ben é certo que hai pouca representación de mulleres en postos de Dirección de Empresas, só o 36,76% fronte ao 63,23% de homes, as porcentaxes iguálanse en Técnicas e Profesionais de saúde (73,68%) e Traballadoras de servizos de saúde (83,6%). O maior número de mulleres con formación superior ou universitaria está a ter reflexo no mercado de traballo, e a medio ou longo prazo ten que repercutir en que pasen a ocupar postos de dirección e polo tanto, tamén repercutan nos niveis salariais.

Outro grupo de ocupación con gran representación feminina é o das Empregadas en servizos de Restauración e comercio, representando o 58% do total das persoas contratadas e o 30,67% da contratación feminina.

Entre as traballadoras cualificados da construción a presenza da muller é moi escasa, só o 1,7% e no grupo de Traballadoras de agricultura a representación masculina tamén é moi superior á feminina.

Cadro 5.25

**Contratos asociados aos grandes grupos de
ocupación por sexo. Galicia. 2015**

		Nº Contratos
A	Dirección e xerencia	1.515
	Muller	557
	Home	958
B	Técnicos e profesionais. Saude e Ensino	31.986
	Muller	23.351
	Home	8.635
C	Outros técnicos. Científicos e intelect.	44.110
	Muller	16.381
	Home	27.729
D	Técnicos, profes. de apoio	59.398
	Muller	25.707
	Home	33.691
E	Empregados oficina non público	21.640
	Muller	13.822
	Home	7.818
F	Empregados oficina público	26.166
	Muller	18.576
	Home	7.590
G	Comercio.	212.435
	Muller	123.658
	Home	88.777
H	Traballo. Serv. saúde	50.709
	Muller	42.386
	Home	8.323
I	Trab. Serv. Prot y Segur.	8.693
	Muller	1.477
	Home	7.216
J	Traballo cualificado Agricultura, gandeiría	12.163
	Muller	1.893
	Home	10.270
K	Traballo cualificado da construción	31.691
	Muller	539
	Home	31.152
L	Traballo cualificado industr. Manufact.	57.750
	Muller	11.932
	Home	45.818
M	Operador, instalador e maquinista	20.991
	Muller	9.160
	Home	11.831
N	Conductor, operad. Maquin. Móvil	40.864
	Muller	1.846
	Home	39.018
O	Traballador non culificado. Servicios	96.139
	Muller	71.089
	Home	25.050
P	Peóns Agricultura e Construcción	137.392
	Muller	40.714
	Home	96.678
Q	Ocupacións Militares.	25
	Muller	5
	Home	20
Total contratos		853.667
Total mulleres		403.093
Total homes		450.574

Fonte: SPPE

Podemos concluír que, no referente aos grupos de ocupación existen dúas tendencias:

- Un grupo maioritario que desempeña as súas funcións como Empregada Administrativa, ou como traballadora de servizos de restauración, persoais e do comercio.
- Un grupo minoritario, que grazas á obtención dun título universitario, ocupan postos como Técnicos e Profesionais en saúde e ensino e outros técnicos Científicos e Intelectuais.

Como expuxemos ao inicio deste apartado, a contratación masculina en 2015 foi superior á feminina e foino especialmente nos contratos indefinidos ordinarios, onde a contratación feminina supuxo o 47,68% e nos indefinidos a tempo parcial chegou ao 62%.

Cadro 5.26

Tipoloxía contractual por sexo . Ano 2015

	Muller	Home
INDEFINIDO (Bonif./ no Bonif.)	19.152	21.012
INDEF. PERS. CON DISCAPACIDAD	183	325
OBRA OU SERVIZO	120.161	184.252
EVET. CIRCUNSTANCIAS DA PRODUCCION	183.496	195.803
INTERINIDADE	65.977	26.394
TEMPORAL PERS. CON DISCAPACIDADE	462	698
RELEVO	378	391
XUBILACION PARCIAL	458	959
SUST. XUBILACION 64 ANOS	11	6
PRACTICAS	2.586	2.535
FORMACION	6.129	5.858
OUTROS CONTRATOS	4.100	12.341
TOTAL	403.093	450.574

Fonte: SPPE

A contratación segundo modalidade e sexo pódense consultar nos cadros do capítulo 7.

Hai determinadas modalidades de contratación con maior peso feminino e outras onde o peso dos homes é moito maior. Entre os claramente femininos destacar os de interinidade (71%) e os que se realizan a tempo parcial, tanto indefinidos coma temporais.

Este ano, de novo, o contrato para a formación realizado a mulleres (51,13%) supera os concertados con homes e o de prácticas chega ao 50,50%.

Os contratos temporais, tanto a xornada completa como parcial, alcanzan no colectivo feminino o 95,25% da contratación a mulleres, igualándose ao colectivo masculino que chega ao 95,34%.

Os contratos indefinidos, tanto a xornada completa como parcial, supuxeron o 4,75% nas mulleres e o 4,66% nos homes e as conversións en indefinidos distáncianse do grupo de homes chegando ao 47,55% para o colectivo feminino.

Mantense a tendencia dos últimos anos onde a contratación feminina está caracterizada por un maior uso de contrato a tempo parcial, aínda que hai que destacar o aumento da parcialidade no grupo de homes.

5.5 Formación

Outro factor importante a ter en conta na inserción da muller no mundo do traballo é, sen dúbida, a formación académica á que accede o alumnado feminino como fase previa ao seu acceso ao mercado laboral.

Neste apartado imos tratar a formación regulada. Dentro da formación regulada centrarémonos nos ciclos formativos de Grao Superior, Bacharelato e Titulacións Universitarias, por consideralos máis significativos, e para iso imos utilizar os datos facilitados polo Instituto Galego de Estatística (IGE).

No alumnado matriculado nos ciclos formativos de Grao Superior, observamos que para o curso 2015, últimos datos dispoñibles, o 45,78% dos alumnos/ás eran mulleres, porcentaxe inferior ao dos homes por cuarta vez nos últimos anos.

Cadro 5.27

superior,
por sexo. Curso 2014 / 2015. Galicia - España

	Total	Homes	Mulleres
Galicia	17.773	9.637	8.136

Unidade: nº de alumnos/as

Fonte: IGE Información subministrada directamente pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria

O alumnado matriculado en Bacharelato, segundo o IGE no curso 2015, mostra que as mulleres matriculadas representan en Galicia o 52,72%, máis de 5 puntos á media masculina do 47,28%, confirmándose novamente a necesidade dunha maior formación do colectivo feminino para enfrontarse ao mundo do traballo.

Cadro 5.28

Ensinanza non universitaria. Alumnado
matriculado en bacharelato, por sexos.
Curso 2014 - 2015. Galicia

	Ambos sexos	Homes	Mulleres
Galicia	30.658	14.494	16.164

Unidades: nº de alumnos/as

Fonte: IGE Información subministrada directamente pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria

O abandono educativo temperán dos que non completaron o nivel de educación secundaria e non seguen ningunha formación, é sensiblemente superior nos homes, superando en 10 puntos as mulleres en 2015. Talvez as dificultades que ten a muller para iniciarse no mercado laboral, sexa unha das razóns para que persistan na súa formación académica.

Cadro 5.29

Abandono educativo temperán. Poboación entre 18 e 24 anos (ambos inclusive) que non completou o nivel de educación secundaria segunda etapa e non segue ningún tipo de formación (regrada ou non regrada). Galicia

	Total	Homes	Mulleres
2010	23,1	27,8	18,3
2011	20,8	25,5	15,8
2012	23,1	27,1	18,8
2013	20,4	25,0	15,4
2014	18,5	21,7	15,2
2015	17,0	21,9	11,9

Unidades: Porcentaxes

Fonte: IGE-INE. Enquisa de poboación activa

No ensino Universitaria en Galicia, segundo o INE, para o curso 2015, o alumnado feminino era superior ao masculino, chegando ao 55%.

Cadro 5.30

**Alumnado matriculado en Ensino Universitario,
Segundo rama de coñecemento e sexo. Curso 2015 . Galicia**

	Total	Mulleres
Total	56.160	30.906
Ciencias da saúde	6.316	6.839
Ciencias	4.017	2.198
Ciencias Sociais e Xurídicas	23.671	14.643
Enxeñaría e Arquitectura	14.684	4.242
Artes e Humanidades	4.472	2.984

Unidades: nº de alumnos/as

Fonte: Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

A porcentaxe media do 55% varía moito segundo a especialidade elixida:

As especialidades nas que é significativamente maior o número de mulleres son:

- Ciencias da saúde
- Ciencias sociais e xurídicas
- Arte e humanidades

A especialidade con máis baixa representación feminina é a de Enxeñaría e Arquitectura.

Como se pode observar, seguen existindo titulacións e especialidades reservadas case exclusivamente ás mulleres, aínda que parece que pouco a pouco vanse producindo movementos cara a outras áreas.

Cadro 5.31

Alumnado que terminou os estudos Universitarios,
por tipo de estudio e sexo. Curso 2010 - 2011. Galicia

Total	Total	Mulleres
	13.524	8.632
Estudos de 1er. E 2º ciclo	9.497	6.008
Estudos de grao	828	520
Másteres oficiais	2.761	1.611
Tesis doctorais aprobadas	438	223

Unidades: nº de alumnos/as

Fonte: INE

(1) Estudos conducentes a obtención de dúas titulacións

É moi significativo constatar que do alumnado que finaliza os seus estudos universitarios no ano 2014 o 61,6% son mulleres.

É de destacar que se ben o 55% dos matriculados/ás eran mulleres, do total de alumnos/ás que finalizaron os seus estudos, o colectivo feminino supuxo o 61,6%, fronte ao 38,4% de homes.

5.6. Poder e toma de decisións

A idea de participación equilibrada de homes e mulleres nos procesos de toma de decisións incorporouse progresivamente en recomendacións de Nacións Unidade, Unión Europea e Consello de Europa. Este último, adoptou a recomendación dunha participación feminina non inferior ao 40% en calquera órgano de decisións para alcanzar o devandito equilibrio, e esa porcentaxe foi establecida como mínimo na lexislación nacional, por medio de nica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes (vixente ata 1/01/2017), para alcanzar unha composición equitativa en todos os ámbitos claves da toma de decisións.

Cadro 5.32

Distribución por sexo de altos cargos da Administración
do Estado en porcentaxe de mulleres 2012/ 2014

Total	2012	2013	2014
	32,59	32,01	32,03
Ministros/as	30,77	30,77	30,77
Secretarías do Estado	22,58	20,00	26,67
Subsecretarías	32,79	33,33	32,81
Directoras Xerais	32,05	32,30	31,48
Altos Cargos sin rango concreto	40,38	38,39	37,84

Fonte: elaboración do Instituto da Muller, a partir dos datos facilitados polo Ministerio das Administracións Públicas
INE

En 2014 a representatividade que teñen as mulleres nos Altos Cargos da Administración do Estado chegou ao 32,03%, mantendo niveis de anos anteriores. Nos Altos Cargos sen rango

concreto chega ao 37,84%, pero pola contra nas Secretarías de Estado só alcázase o 26,67% e nos/ás Ministros/ás o 28,57%

Cadro 5.33

Mulleres no goberno en %

	2015	2011	2010	2009	2008	2007	2006	2005	2004	2003(2)	2003	2002	2000	1999(2)	1999	1996
Partido no goberno	PP	PP	PSOE	PSOE	PSOE	PSOE	PSOE	PSOE	PSOE	PP	PP	PP	PP	PP	PP	PP
Ambos sexos	14	13	15	17	17	16	16	16	16	16	16	16	17	15	15	15
% de mulleres	28,47	30,77	46,67	52,94	52,94	43,75	50	50	50	31,25	25	18,75	17,65	13,33	20	26,67

Fonte: Instituto da Muller

Outra mostra do papel da muller no poder e a toma de decisións, é a súa presenza no Goberno. Neste cadro pódese ver a evolución da representación da muller dende 1982, pasando de cero, ata alcanzar o 52,94% en 2008 e 2009. No ano 2011 produciuse unha redución, quedando a participación feminina nun 30,77% e en 2015 redúcese de novo ata o 28,57%.

Cadro 5.34

Composición dos Parlamentos Autonómicos. 2010-2012, 2015

	2010	2011	2012	2015
	% Mulleres	% Mulleres	% Mulleres	% Mulleres
Total	42,2	43,1	43,2	44,6
Andalucía	45,9	45,9	47,7	49,5
Aragón	35,8	32,8	32,8	47,8
Asturias	33,3	42,2	42,2	48,9
Baleares	49,2	45,8	45,8	47,5
Canarias	40,0	36,7	36,7	53,3
Cantabria	40,5	43,6	43,6	38,9
C. León	43,4	66,7	66,7	41,7
C. La Mancha	53,2	46,9	46,9	42,4
Cataluña	41,5	41,5	40,0	40,0
C. Valenciana	45,5	40,4	40,4	44,4
Extremadura	40,0	40,0	40,0	47,7
Galicia	40,0	40,0	40,0	40,0
Madrid	42,5	44,2	44,2	42,6
Murcia	39,1	40,0	40,0	35,6
Navarra	38,0	34,0	34,0	48,0
País Vasco	45,3	39,4	49,3	49,3
A Ríoxa	39,4	45,3	39,4	45,5
Ceuta	40,0	40,0	40,0	40,0
Melilla	40,0	40,0	40,0	40,0

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos dos Parlamentos autonómicos

A representación da muller nos Parlamentos Autonómicos alcanzou en 2015 nunha media do 44,6%.

A maior presenza feminina dáse en Canarias co 53,3% e a menor en Murcia co 35,6%.

En Galicia a representación é do 40%.

No cadro 5.35 vemos a participación feminina nos Gobernos Autonómicos en 2015. Aínda que en termos globais a participación das mulleres experimentou poucos cambios, cabe destacar que aumentou o número de Presidentas e concelleiras.

Cadro 5.35

Mulleres dos Gobernos Autonómicos

	2015		2013		2012	
	Ambos sexos	% Mulleres	Ambos sexos	% Mulleres	Ambos sexos	% Mulleres
PRESIDENTAS/ES	19	21,1	19	15,8	19	21,05
CONSEJERAS/OS	170	44,1	161	34,2	167	34,13
Andalucía	13	38,46	11	45,45	13	46,15
Aragón	9	44,44	9	11,11	9	11,11
Asturias	8	50,00	8	62,50	9	33,33
Baleares	10	40,00	7	0,00	7	14,29
Canarias	10	60,00	8	35,70	8	35,70
Cantabria	8	25,00	8	50,00	8	50,00
C. León	9	55,56	9	44,44	9	33,33
C. La Mancha	8	50,00	7	42,86	7	28,57
Cataluña	13	30,77	13	23,08	11	27,27
C. Valenciana	9	55,56	8	37,50	10	40,00
Extremadura	5	40,00	7	28,57	7	42,86
Galicia	8	50,00	8	50,00	10	40,00
Madrid	7	1429,00	8	25,00	8	37,50
Murcia	9	66,67	8	12,50	8	12,50
Navarra	9	44,44	8	25,00	8	37,50
País Vasco	8	50,00	8	50,00	10	50,00
A Ríoxa	8	37,50	7	14,29	7	14,29
Ceuta	9	44,44	9	44,44	9	44,44
Melilla	10	40,00	10	40,00	9	33,33

Fonte: Instituto da muller

A maior representación feminina de concelleiras encontrámola en Murcia (66,67%), Canarias (60%) e Comunidade Valenciana e Castela -León (55,56%)

Cuadro 5.36

Participación de Mulleres na Comisión Europea. 2016

	Ambos sexos	% Mulleres
	28	32,14
Total		
PRESIDENCIA	1	0,00
VICEPRESIDENCIAS	7	28,57
VICEPRESIDENCIA PRIMERA	1	0,00
ALTA REPRESENTANTE	1	100,00
VICEPRESIDENTAS	5	20,00
COMISARIAS	20	35,00

Fonte: Secretaría de Estado de Igualdade

A participación das mulleres na Comisión Europea tampouco é moi superior, co 28,57% nas Vicepresidencias e o 35% nas Comisarias.

Cadro 5.37**Participación de mulleres no Parlamento europeo
2014.**

	Ambos xexos	% Mulleres
UE-28	750	37,00
Alemania	96	36,00
Austria	18	44,00
Bélxica	21	29,00
Bulgaria	17	29,00
Chipre	6	17,00
Croacia	11	45,00
Dinamarca	13	38,00
Eslovaquia	13	31,00
Eslovenia	8	37,00
España	53	41,00
Estonia	6	50,00
Finlandia	13	54,00
Francia	74	42,00
Grecia	21	24,00
Hungría	21	19,00
Irlanda	11	55,00
Italia	73	40,00
Letonia	8	37,00
Lituania	11	9,00
Luxemburgo	6	33,00
Malta	6	67,00
Países Baixos	26	42,00
Polonia	51	24,00
Portugal	21	38,00
R. Checa	73	41,00
Reino Unido	21	24,00
Rumania	32	31,00
Suecia	20	55,00

Fonte: elaboración do Instituto da Muller a partir dos datos proporcionados pola Unión Interparlamentaria a través da súa páxina web INE

O cadro 5.37 sobre a participación da muller no Parlamento Europeo pon de manifesto un aumento, pasando do 35,1% 2009 ao 37% de 2014. Este aumento non se repartiu por igual en todos os países da Unión Europea: a maior porcentaxe de representación feminina osténtao Malta (67%) seguida de Irlanda e Suecia co 55%, mentres que a menor representación a encontramos en Lituania (9%), e Chipre (17%).

En España, en 2014, a representación da muller no Parlamento Europeo alcanzou o 41%.

Os datos ofrecidos nalgúns dos cadros anteriores e seguintes non están desagregados por CC.AA., pero aínda así os seus resultados son significativos e extrapolables, aínda que con particularidades, á situación galega.

Segundo información do Mº de AA. PP., aínda que a porcentaxe de funcionarias (52,85%) é superior ao de funcionarios, a medida que ascendemos no complemento de destino, o

número de mulleres diminúe, ata chegar ao nivel 30 onde só hai un representación feminina do 37,42% e ao nivel 29 cun 42,37 %.

Ao ir descendendo de nivel, as porcentaxes vanse igualando, ata chegar ao nivel 26 cun 51,22% de mulleres, e seguir incrementándose a presenza feminina en niveis máis baixos como o nivel 18 (64,22%), o 16 (63,52%) ou o 14 (62%).

Cadro 5.38

Representación de mulleres en organismos internacionais. España 2015

TOTAL	Ambos sexos % de Mulleres	
	59	18,6
Embaixadoras - Representantes Permanentes	13	15,64
Representantes Permanentes Adxuntas	7	0,00
Consejeiras	22	18,18
Delegadas Permanentes	4	25,00
Outras	13	30,77

Fonte: Elaboración do Instituto da Muller a partir de datos do Ficheiro de Altos Cargos. Datos Xullo 2015

Nos organismos internacionais, o papel da muller tampouco é moi destacado, cun 18,64% de representación, sendo o cargo de Delegada Permanente o de maior porcentaxe (25%)

A representación feminina en órganos constitucionais como o Consello de Estado, Consello Xeral do Poder Xudicial, Tribunal de Contas, Valedor do pobo, Xunta Electoral Central e Consello Económico e Social, segue sendo escasa.

A participación máis alta obsérvase no Tribunal de Contas (42,86%) e no Consello Xeral do Poder Xudicial (33,3%).

A participación feminina no ano 2014 na Carreira Xudicial, é do 51,51%. Pero a medida que se ascende na carreira xudicial, a porcentaxe diminúe.

En categorías de xuíces/as a participación é maioritariamente feminina (64,94%), pero só alcanza o 12,94% no caso de maxistrados do Tribunal Supremo.

5.7. Conciliación entre a vida laboral e familiar

Talvez sexa a conciliación entre a vida laboral e familiar un dos maiores condicionantes do acceso da muller ao mundo laboral. Os efectos negativos das dificultades de conciliación seguen recaendo sobre as mulleres a falta de repartición equitativa das responsabilidades familiares e a ausencia de infraestruturas axeitadas e suficientes para atender a nenos e dependentes contribuíron ao escaso cambio producido.

O cadro 5.39, último ano dispoñible, móstranos a nivel de toda España, como o 84,67% das excedencias para o coidado de familiares son solicitadas por mulleres e a nivel de Galicia alcanzouse o 80,42%.

Cadro 5.39

Excedencias por cuidado de familiares. Galicia- España 2012- 2014

	Ambos sexos			Mulleres	Mulleres	Mulleres
	2.012	2.013	2.014	2.012	2.013	2.014
Galicia	121	128	143	100	105	115
España	6.122	6.692	8.176	5.245	5.703	6.923

Fonte: Tesourería Xeral da Seguridade Social

En cadro 5.40 serve para confirmar o papel da muller como responsable do coidado dos fillos, cunha porcentaxe moi superior de familias monoparentais femininas (82,66% en 2014), fronte ao 17,34% de monoparentais masculinas.

Cadro 5.40

Núcleos familiares monoparentais
por sexo en miles. 2013-2014

	Ambos sexos	Porcentaxe Monoparentais Femininos
2013	1707,80	82,73
2014	1754,60	82,66

Fonte: Instituto da muller

Cadro 5.41

Prestación de maternidade por comunidades autónomas. 2015

		Total Maternidade	Procesos percibidos madre
Prestacion de maternidade	Total	278.389	276.181
	Andalucía	48.917	48.284
	Aragón	7.777	7.631
	Asturias	4.529	4.414
	Baleares	6.911	6.798
	Canarias	9.398	9.252
	Cantabria	3.185	3.121
	C. León	12.234	11.966
	C. La Mancha	10.092	9.953
	C. Valenciana	26.873	26.528
	Cataluña	49.523	48.641
	Extremadura	5.646	5.565
	Galicia	14.442	14.114
	Madrid	47.638	46.776
	Murcia	9.034	8.943
	Navarra	4.446	4.302
	A Rioxa	1.886	1.850
	País Vasco	15.067	14.266
	Ceuta	323	319
	Melilla	468	458

Xaneiro/décembro 2013-2014

Fonte: Instituto Nacional da S.S.

Cadro 5.42

Excedencias por coidado de fillas/os				
	España		Galicia	
	Total	% Nais	Total	% Nais
2011	34.128	95,52	555	93,69
2012	29.651	94,98	536	94,22
2013	28.038	94,50	537	94,23
2014	31.435	94,02	556	92,63

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos da Tesorería Xeral da Seguridade Social

As excedencias por coidado de fillas/os en Galicia correspondentes ao 2014, últimos datos dispoñibles, móstrannos que neste ano o 92,63% das excedencia por coidado de fillo/a eran solicitadas por mulleres e o 7,37% de homes, aínda que a tendencia dos últimos anos reflicte un leve aumento nas solicitudes de homes. En España, nese ano 2014, o 94,2% destas excedencias concedéronse a mulleres.

Algo similar acontece cos permisos de maternidade. No cadro 42 constátase que en Galicia o 97,73% dos permisos foron gozados polas nais. En España as cifras son similares co 98,12% de permisos das nais.

A evolución dende o ano 2004 mostra escasas diferenzas. A aprobación de Igualdade permitiu o goce dos permisos de paternidade, con 11.419 permisos gozados en Galicia en 2014 (238.806 en toda España).

Cadro 5.43

Permisos de Paternidade por CC.AA				
	2012	2013	2014	2015
Total	245.867	237.988	235.678	238.806
Andalucía	37.973	37.138	36.968	37.700
Aragón	7.681	7.710	7.449	7.623
Asturias	4.303	3.910	3.718	3.812
Baleares	4.906	5.174	5.071	5.197
Canarias	7.990	7.551	7.631	7.992
Cantabria	3.192	3.081	2.822	2.828
C. León	11.859	11.156	11.091	11.083
C. La Mancha	10.542	10.200	9.761	9.968
C. Valenciana	23.888	22.798	23.319	23.389
Cataluña	46.496	44.460	44.227	45.309
Estremadura	4.722	4.451	4.572	4.370
Galicia	11.656	11.360	11.156	11.419
Madrid	40.744	40.256	39.326	39.835
Murcia	7.761	7.902	8.312	8.460
Navarra	4.665	4.284	4.241	4.244
A Ríoxa	1.973	1.885	1.806	1.781
País Vasco	14.951	14.149	13.630	13.274
Ceuta	277	248	6.601	235
Melilla	288	275	270	287

Fonte: Instituto Nacional da Seguridade Social.
Actualizada a 31 de Decembro de 2015

Para completar este apartado incluímos o cadro sobre "Persoas ocupadas a tempo parcial por motivo da xornada parcial" do Instituto da muller sobre datos da EPA.

Cadro 5.44

Persoas ocupadas a tempo parcial por motivo da xornada parcial. España 2014-2015

		2014	2015
Ambos sexos	Total	2.820,4	2843,7
	Seguir cursos de ensinanza ou formación	147,9	153,9
	Enfermidade ou incapacidade propia	26,0	27,9
	Coidado de nenos ou de adultos enfermos, incapacitados ou maiores	260,5	261,4
	Outras obrigas familiares ou persoais	134,5	144,9
	Non poder encontrar traballo de xornada completa	1.769,1	1760,1
	Non querer traballo de xornada completa	201,3	212,6
	Outros motivos	272,4	276,2
	Non sabe o motivo	8,6	6,7
% Mulleres	Total	74,11	72,41
	Seguir cursos de ensinanza ou formación	55,38	57,31
	Enfermidade ou incapacidade propia	76,46	68,1
	Coidado de nenos ou de adultos enfermos, incapacitados ou maiores	95,79	95,33
	Outras obrigas familiares ou persoais	92,12	92,34
	Non poder encontrar traballo de xornada completa	71,73	69,17
	Non querer traballo de xornada completa	84,05	80,34
	Outros motivos	62,26	63,76
	Non sabe o motivo	87,21	67,16

Fonte: Enquisa de poboación activa. INE. Elaborado polo Instituto da Muller

Unidade: Miles de persoas

Aínda que os datos non están desagregados por Comunidades Autónomas, parece significativo que do total de persoal que realizan un traballo a tempo parcial por coidado de nenos ou adultos enfermos, incapacitados ou maiores, o 95,33% en 2015 sexan mulleres e o 92,34% do total de persoas traballadoras a tempo parcial con obrigas familiares ou persoais, tamén sexan mulleres.

Destaca, igualmente, que o 69,17% dos que non puideron encontrar traballo a xornada completa sexan mulleres e que o 80,34% dos que non queren traballar a xornada completa tamén sexan mulleres, xurdindo a dúbida de se realmente a elección de traballar a tempo parcial é libre ou imposta por un cúmulo de factores externos, algúns deles imperceptibles. O dato alentador é a leve baixada do número de mulleres nesta situación.

Completamos esta información co cadro 5.45 de emprego a tempo parcial segundo grupos de idade en UE. Mentres no grupo de homes a principal causa de traballo a tempo parcial é "non" encontrar traballo a xornada completa" (40,1%), no colectivo de mulleres, éo "o coidado dos nenos/ás ou adultas enfermos" alcanzando o 40,5% na franxa de idade de 25 a 49 anos.

Cadro 5.45

Razóns do traballo a tempo parcial según grupos de idade. UE-28 2013 (%)

	2013			
	Total de 15 a 64 anos	De 15 a 24 anos	De 25 a 49 anos	De 25 a 64 anos
HOMES				
Non poder atopar traballo de xornada completa	40,1	28,3	52,7	43,8
Enfermedade ou incapacidade propia	6,3	0,8	5	8,1
Outras obrigacións familiares ou persoais	7,3		5,00	9,1
Cuidado de nenos e adultos enfermos, incapacitados ou maiores	3,9		6,50	5,1
Seguir cursos de ensino e formación	19,4	6,2	10,50	6,7
Outros motivos	22,9	9	20,00	27,3
MULLERES				
Non poder atopar traballo de xornada completa	26,3	30,6	26,9	25,8
Enfermedade ou incapacidade propia	3,2	0,6	2	3,5
Outras obrigacións familiares ou persoais	15,6	2,6	13,00	17,1
Cuidado de nenos e adultos enfermos, incapacitados ou maiores	27,6	4,6	40,50	30,3
Seguir cursos de ensino e formación	7,4	52,5	3,00	2,1
Outros motivos	19,9	9,1	14,40	21,2

Fonte: Enquisa Europea de Forza de Traballo (LFS). Eurostat.

5.8 Salarios

Continuando a tendencia dos apartados anteriores deste capítulo, o sexo parece ser tamén un factor determinante das diferenzas salariais.

O informe da Axencia Tributaria "Mercado de traballo e pensións nas fontes tributarias: 2014 (últimos datos dispoñibles) reflicte que as mulleres galegas no ano 2014 percibiron un salario medio anual de 15.414 € fronte aos 19.746 € dos homes, o que supón que as mulleres percibiron un 22% menos que os homes polo seu traballo realizado.

A media total das CC.AA. no grupo de mulleres chegou aos 15.917 €, fronte aos 20.537 € dos homes, percibindo o colectivo feminino un 22,5% menos que os homes.

A muller galega cobra menos que a media feminina estatal (15.917 €) e que a media no conxunto do Estado de (18.420 €).

Cadro 5.46

Asalariados por CCAA e sexo. 2015

	Total		Mulleres	Homes
	Salario medio anual	%*	Salario medio anual	Salario medio anual
Andalucía	14.365	75,87	12.223	16.111
Aragón	18.895	75,51	16.046	21.249
Ppdo. de Asturias	19.528	72,51	16.234	22.390
Illas Baleares	17.247	82,08	15.482	18.861
Canarias	15.995	85,29	14.658	17.186
Cantabria	18.980	73,69	15.904	21.583
Castela León	18.058	77,52	15.580	20.099
Castela a Mancha	16.034	81,17	14.126	17.404
Cataluña	20.711	76,83	17.878	23.271
Comunidade Valenciana	16.756	78,64	14.588	18.550
Estremadura	13.559	83,74	12.235	14.611
Galicia	17.729	78,06	15.414	19.746
C. de Madrid	24.576	73,74	20.696	28.066
Rexión de Murcia	15.621	79,79	13.635	17.089
A Ríoxa	18.354	78,68	15.960	20.285
Cidade de Ceuta	22.397	72,89	18.255	25.043
Cidade de Melilla	21.388	75,25	17.890	23.775
Total	18.420	77,50	15.917	20.537

*Porcentaxe de salario da muller sobre o salario do home

Fonte: Mercado de traballo e pensións nas fontes tributarias: 2014

A evolución con respecto ao ano 2000 non era moi alentadora, xa que en Galicia a diferenza se incrementou en case un punto, pasando do 26,10% de diferenza en prexuízo das mulleres, ao 26,94% en 2006 e 26,28% en 2007. Pero dende o ano 2008 as diferenzas diminúen e mantéñense en valores similares nos anos 2009, 2010, 2011, 2012 e 2013. No ano 2014 vólvese producir unha pequena redución nas diferenzas salariais.

Cadro 5.47

Asalariados por sector de actividade económica e sexo. Galicia / España. 2014

	España Homes	España Mulleres	Galicia		
			Mulleres	Homes	%
Agricultura, gandería, selvicultura e pesca	68.521	4.089	9.819	14.104	69,62
Industria extractiva, enerxía e auga	28.706	21.500	20.583	27.897	73,78
Industria	24.348	17.747	15.459	22.044	70,13
Construción e servizos inmobiliarios	16.460	16.501	15.662	16.366	95,70
Comercio, reparacións e transporte	19.898	13.655	13.327	18.515	71,98
Información e comunicacións	29.933	22.750	17.698	23.479	75,38
Entidades financeiras e aseguradoras	35.931	25.659	22.638	30.174	75,02
Servizo ás empresas	19.376	13.230	11.612	17.086	67,96
Servizos sociais	25.860	21.142	21.038	25.297	83,16
Outros servizos persoais e de ocio	11.397	8.361	7.244	9.486	76,37
Total	20.537	15.917	15.414	19.746	78,06

*Porcentaxe de salario da muller sobre o salario do home en Galicia

Fonte: Mercado de traballo e pensións nas fontes tributarias: 2014

Neste cadro, apreciamos que as diferenzas salariais non son iguais segundo que rama de actividade económica se trate. As maiores diferenzas aprécianse na rama "servizos a empresas", onde a muller gaña un 32,04% menos que o home, seguida de "agricultura, gandería, silvicultura e pesca" cunha porcentaxe dun 30,38% menos en contra da muller e de "industria" cun 29,9% menos.

As menores diferenzas encontrámonas en "construción e servizos inmobiliarios" onde a muller percibe o 95,7% do salario masculino e "servizos sociais" con 83,16%.

Hai que ter en conta que estas diferenzas salariais están provocadas en boa medida por que a muller está contratada nunha maior proporción a tempo parcial, con contratos temporais, que se incorporan máis tarde ao mercado laboral e que interrompen a súa vida profesional para a atención dos fillos ou de persoas dependentes.

Cadro 5.48

Asalariados por tramos de salario e sexo.
Galicia / España. 2014

	Galicia		España	
	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres
De 0 a 0,5 SMI	83.818	93.496	1.869.780	1.855.072
De 0,5 a 1 SMI	54.414	68.988	1.053.127	1.144.270
De 1 a 1,5 SMI	56.132	74.842	956.124	1.090.786
De 1,5 a 2 SMI	89.928	70.211	1.192.441	1.027.640
De 2 a 2,5 SMI	71.656	44.041	1.040.636	728.454
De 2,5 a 3 SMI	43.515	27.903	730.685	513.232
De 3 a 3,5 SMI	34.524	22.578	586.432	403.910
De 3,5 a 4 SMI	23.052	16.305	447.438	308.961
De 4 a 4,5 SMI	16.906	13.662	335.365	233.364
De 4,5 a 5 SMI	10.910	6.174	228.176	132.466
De 5 a 7,5 SMI	23.160	9.989	493.471	232.122
De 7,5 a 10 SMI	6.089	2.078	145.900	51.465
Máis de 10 SMI	3.398	607	104.914	22.792
Total	517.501	450.875	9.154.489	7.744.535

Fonte: Axencia Tributaria. Mercado de Traballo e pensións nas fontes tributarias: 2014

A partir dos datos facilitados pola Axencia Tributaria, observamos que en 2014 o 20,7% tiveron ingresos por salarios inferiores ao 50% de Salario Mínimo Interprofesional (S.M.I.) e o 15,3% tivéronos entre o 50% e o 100% do S.M.I. Isto supón que o 36% (36% en 2013) de mulleres no ano 2014, tiveron ingresos non superiores ao S.M.I. Os homes con salarios inferiores ao 50% do SMI foron o 16,2% e con salarios entre o 50% e o 100% do S.M.I. foron o 10,5%.

Cos salarios máis altos acontece á inversa, é unha porcentaxe moi baixa de mulleres as que perciben salarios altos.

La Enquisa Anual de Estrutura Salarial ano 2012 do INE (última dispoñible) confirma os datos anteriores.

Cadro 5.49

Salario bruto anual por tipo de contrato. (Euros). 2013.

Encuesta anual de estrutura salarial

Ambos os dous sexos	Total	Indefinido	Duración determinada
Andalucía	20.891,63	22.546,23	14.880,45
Aragón	22.103,79	23.575,68	15.287,02
Ppdo. de Asturias	21.750,66	23.376,76	16.291,27
Illas Baleares	20.960,00	21.823,15	16.409,29
Canarias	19.277,62	20.160,38	15.927,91
Cantabria	20.191,51	21.409,93	14.824,59
Castela León	20.569,14	21.839,16	15.529,26
Castela A Mancha	20.536,42	21.992,50	15.634,97
Cataluña	24.436,39	25.997,78	15.968,34
C. Valenciana	21.223,72	22.488,55	15.304,60
Extremadura	19.721,35	21.613,33	14.111,84
Galicia	19.389,20	20.619,85	14.985,56
C. de Madrid	26.044,39	27.745,02	16.937,65
Rexión de Murcia	20.682,01	21.806,07	16.025,67
Navarra	23.784,38	25.498,40	16.496,25
País Vasco	26.535,61	28.354,97	18.915,01
A Ríoxa	20.346,24	21.494,66	14.766,94
Ciudades Ceuta e Melilla			
España	22.726,44	24.277,06	15.893,55

Homes	Total	Indefinido	Duración determinada
Andalucía	23.592,08	25.444,59	16.282,25
Aragón	25.766,27	27.759,64	16.390,88
Ppdo. de Asturias	25.048,82	27.306,83	17.523,70
Illas Baleares	22.859,04	23.998,67	17.069,55
Canarias	21.089,85	22.136,05	16.725,10
Cantabria	23.309,90	25.089,24	15.865,19
Castela León	23.473,82	25.492,58	15.451,79
Castela A Mancha	22.810,39	24.455,62	16.747,85
Cataluña	27.836,40	29.828,25	16.959,95
C. Valenciana	24.289,23	25.894,57	16.155,03
Extremadura	21.585,30	23.589,07	15.345,40
Galicia	22.059,69	23.600,13	16.361,20
C. de Madrid	29.116,20	31.165,78	17.919,61
Rexión de Murcia	23.487,03	25.077,38	16.311,01
Navarra	27.632,80	29.909,45	17.708,85
País Vasco	30.084,89	32.460,76	19.707,72
A Ríoxa	23.097,08	24.853,36	14.777,61
Ciudades de Ceuta e Melilla			
España	25.682,05	27.608,03	16.880,78

Mulleres	Total	Indefinido	Duración determinada
Andalucía	17.828,44	19.133,89	13.490,69
Aragón	18.042,28	18.909,13	14.095,04
Ppdo. de Asturias	18.026,01	18.954,52	14.882,47
Illas Baleares	19.022,24	19.629,30	15.689,80
Canarias	17.498,71	18.145,70	15.250,97
Cantabria	16.771,99	17.456,28	13.576,58
Castela León	17.552,07	18.042,27	15.609,55
Castela A Mancha	17.527,30	18.575,83	14.375,85
Cataluña	20.931,07	22.040,18	14.957,87
C. Valenciana	17.870,88	18.655,30	14.490,64
Extremadura	17.401,90	19.086,25	12.696,40
Galicia	16.727,15	17.606,01	13.683,00
C. de Madrid	22.841,15	24.155,09	15.948,00
Rexión de Murcia	17.457,52	17.912,17	15.741,57
Navarra	19.462,13	20.494,62	15.190,80
País Vasco	22.313,41	23.384,74	18.038,30
A Ríoxa	17.486,66	18.034,02	14.755,36
Ciudades de Ceuta e Melilla			
España	19.537,33	20.632,89	14.891,24

Fonte: INE Mercado de traballo e pensións nas fontes tributarias: 2013

En Galicia o salario medio bruto anual total en 2012, no colectivo feminino foi de 16.727,5 €. Se distinguimos entre tipo de contrato a media foi de 17.606,01 € para os contratos indefinidos e 13.683,00 € para os de duración determinada e no colectivo masculino foi de 22.059,69 €, distribuídos en 23.600,13 € para os contratos indefinidos e 16.361,20 € para os de duración determinada. Isto supón que as mulleres galegas en 2011 percibiron unhas retribucións un 24,17% menor que os dos homes, diferenza que no caso dos contratos indefinidos alcanza o 25,40%.

En España a media salarial bruta das mulleres en 2012, foi de 19.537,33 €, fronte aos 25.682,05 dos salarios masculinos, o que reflicte unha diferenza en contra do salario feminino de 23,88%. Nas contratacións indefinidas, esta diferenza desfavorable para as mulleres chega ao 25,26%.

5.9 Prestacións por desemprego

Os datos proporcionados polo MEYSS para a elaboración deste apartado non están desagregadas por CC.AA., polo que, aínda que fagamos referencia ás súas táboas estatísticas do 2014 imos utilizar tamén, o informe da Axencia Tributaria "Mercado de traballo e pensións nas fontes tributarias: 2014".

O n.º de perceptoras de prestacións de desemprego, segundo as estatísticas do Anuario de Estatísticas Laborais e de Asuntos Sociais do Mº de Emprego e Seguridade Social 2014, foi inferior ao dos homes no nivel contributivo e asistencial.

491.510 mulleres percibiron prestación de nivel contributivo, fronte a 568.289 homes.

576.986 mulleres percibiron prestacións de nivel asistencial, fronte a 644.404 homes.

132.793 mulleres percibiron a renda activa de inserción, fronte a 129.071 homes.

A media diaria bruta recoñecida a beneficiarios/ás de prestacións de desemprego de nivel contributivo segundo sexo e idade a nivel de todo o Estado é de 26,98 € día no ano 2014, últimos datos dispoñibles (28 € día en 2013). A contía percibida polo colectivo feminino está por debaixo desa media, alcanzando só 24.41 € día (25,35 € día en 2013), fronte aos 29,21 € do grupo de homes (30,07 € en 2013).

A maior diferenza encontrámola no colectivo de mulleres entre 55 e mais anos onde a diferenza de contía media diaria bruta chega a ser de 7 € día (mulleres 24,27 € día e homes 31,33 € día).

Cadro 5.50**Prestación media anual. Segundo sexo e idade.
España. 2014**

	2014
Homes	
menor de 26 anos	2.169
26 a 35 anos	3.038
36 a 45 anos	3.597
46 a 55 anos	3.861
55 e máis anos	4.786
Total	3.690
Mulleres	
menor de 26 anos	1.992
26 a 35 anos	2.888
36 a 45 anos	3.276
46 a 55 anos	3.154
55 e máis anos	3.996
Total	3.188

Fonte: Axencia Tributaria. Mercado de Traballo e pensións nas fontes tributarias: 2014

Para poder facer unha análise por CC.AA. e sexo utilizaremos os datos do informe da Axencia Tributaria "Mercado de traballo e pensións nas fontes tributarias: 2014".

En todas as CC.AA o importe da prestación media anual é inferior no colectivo feminino, 3.188 € (3.450 € en 2013) fronte aos 3.690 € (4.148 € en 2013) dos homes. En Galicia a media anual chegou aos 3.163 € (3.427 € en 2013) para as mulleres e aos 3.868 € (4.281 € en 2013) para os homes, polo tanto existe unha diferenza en prexuízo do grupo de mulleres de 705 € anuais como media.

Se comparamos a percepción media feminina en materia de prestacións de desemprego en 2014, co total do colectivo feminino, as mulleres galegas percibiron 25 € menos que a media de España, mellorando a súa posición con respecto a outros anos. No caso dos homes galegos a diferenza coa media dos homes España, é de 92 € máis.

Podemos concluír dicindo que a muller galega percibe só o 86% (80% en 2013) das prestacións, comparándoas coas percibidas polos seus compañeiros homes, é dicir, percibe un 14% menos.

Cadro 5.51

**Percepcións medias de prestacións por desemprego.
Por sexo e comunidade autónoma do perceptor. Galicia/España. 2014**

	Total	Homes	Mulleres
	Prestación media anual	Prestación media anual	Prestación media anual
Andalucía	3.179	3.383	2.950
Aragón	3.450	3.664	3.179
Ppdo. de Asturias	3.777	4.187	3.247
Illas Baleares	2.943	3.084	2.797
Canarias	3.221	3.444	2.980
Cantabria	3.545	3.885	3.097
Castela León	3.581	3.875	3.202
Castela a Mancha	3.460	3.691	3.164
Cataluña	3.730	3.952	3.481
Comunidad Valenciana	3.395	3.580	3.106
Estremadura	3.117	3.378	2.819
Galicia	3.548	3.868	3.163
C. de Madrid	4.050	4.302	3.775
Rexión de Murcia	3.153	3.332	2.931
A Ríoxa	3.541	3.711	3.327
Cidade de Ceuta	3.213	3.552	2.834
Cidade de Melilla	3.064	3.415	2.684
España	3.456	3.690	3.188

Fonte: Axencia Tributaria. Mercado de traballo e pensións nas fontes tributarias: 2014

Facendo unha análise da nacionalidade dos perceptores/as, observamos que cando a nacionalidade é española, a diferenza nas percepcións das mulleres con respecto aos varóns é superior, chegando a percibir un 20,24% menos, mentres que se a orixe é estranxeira, a diferenza se reduce ata un 14,3% menos.

Cadro 5.52

**Desempregados e prestacións medias por nacionalidade e sexo do perceptor
Galicia - España. 2014**

	Desempregados			Prestación media anual		
	Ambos sexos	Mulleres	Homes	Ambos sexos	Mulleres	Homes
España						
Española	4.657.965	2.213.534	2.444.431	7.018	3.232	3.786
Estranxeira	586.104	225.421	360.683	5.788	2.749	3.039
Galicia						
Española	280.080	128.072	152.008	7.088	3.182	3.906
Estranxeira	11.548	4.425	7.123	5.686	2.624	3.062

Fonte: Agencia Estatal de la Administración Tributaria. Mercado de trabajo y pensiones en las fuentes tributarias.

A diferenza estriba na nacionalidade de orixe, xa que os homes non españois perciben unhas prestacións sensiblemente inferiores ás dos homes galegos (21,6% menos), mentres que as mulleres non españolas, con respecto ás mulleres galegas teñen uns ingresos en concepto de desemprego do 17,5% menos.

Esta análise volve reafirmar a idea de que, con independencia da orixe, nacionalidade, formación..., o colectivo de mulleres sempre está por debaixo do de homes.

5.10 Pensións

Para unha primeira análise utilizaremos os datos proporcionados polo Mº de Emprego e S.S. nas estatísticas do Anuario de Estatísticas Laborais do 2015, últimos dispoñibles desagregados por sexos no momento de finalización deste capítulo. Aínda que os datos non están desagregados por CC.AA, se o están por sexo, polo que nos poden dar unha visión xeral da situación da muller pensionista.

Faremos unha primeira análise das pensións contributivas.

O n.º de pensionistas mulleres (4.064.571) en toda España é lixeiramente inferior ao de homes (4.393.868). É máis destacable que se ben no colectivo masculino as pensións de xubilación, que requiren unha cotización previa, supoñen un 80,7% do total, no grupo de mulleres só alcanzan un 48%, mentres que as de viuvez chegan ao 39,70%.

En relación co importe medio mensual podemos dicir que no conxunto do Estado, as pensións percibidas polas mulleres en 2015 son 417,27 € menos que as dos homes, ou o que é o mesmo un 38% menores (mulleres: 683,4 €; homes: 1.100,67 €). Esta diferenza aínda é maior se comparamos as pensións de xubilación. Así unha pensionista de xubilación muller percibiría 454,87 € menos que os homes, un 38,28% menos.

As pensións de viuvez, orfandade e a favor de familiares son lixeiramente superiores no caso das mulleres.

Cadro 5.53

Pensión contributivas e importe medio e pensionistas segundo clase, por sexo.

España 2014/2015

	Pensións				Pensionistas ⁽¹⁾	
	Número		Importe medio En euros/mes		Número	
	2014	2015	2014	2015	2014	2015
Homes	4.487.136	4.535.531	1.082,23	1.100,67	4.347.558	4.393.868
Incapacidade permanente	606.212	606.067	980,88	986,81	604.115	604.060
Xubilación	3.530.934	3.568.556	1.165,05	1.188,35	3.508.615	3.547.392
Viuvedade	170.646	174.120	472,41	477,81	62.834	63.234
Orfandade	169.679	176.558	368,15	369,66	162.452	169.067
Favor familiar	9.665	10.230	468,70	479,13	9.542	10.114
Mulleres	4.713.712	4.768.816	669,95	683,40	4.017.813	4.064.571
Incapacidade permanente	323.252	325.588	793,08	805,03	312.394	315.663
Xubilación	2.027.935	2.073.268	712,09	733,48	1.907.959	1.953.232
Viuvedade	2.177.704	2.179.099	635,84	642,82	1.621.360	1.613.529
Orfandade	156.153	162.125	370,86	371,23	149.464	155.240
Favor familiar	28.668	28.734	521,71	530,75	26.635	26.905
Ambos os dous sexos⁽²⁾	9.201.080	9.304.555	871,01	886,80	8.365.598	8.458.642
Incapacidade permanente	929.484	931.668	915,56	923,28	916.529	919.737
Xubilación	5.558.964	5.641.908	999,80	1021,19	5.416.669	5.500.709
Viuvedade	2.348.388	2.353.257	624,03	630,61	1.684.229	1.676.797
Orfandade	325.911	338.758	369,43	370,40	311.995	324.381
Favor familiar	38.334	38.964	508,35	517,20	36.177	37.019

(1) Véxase nota a este cadro en Fontes non explicativas

(2) Inclúe non consta sexo

Fonte: Anuario de estadísticas laborais 2015. Ministerio de Emprego e S.S.

Se a análise o realizamos observando as pensións segundo tramos de contía mensual, por sexo e clase, para todo o territorio das CC.AA. en 2014 apreciamos que no colectivo de mulleres o maior n.º de pensións se concentra no tramo de 500,01 a 645,29 €, e o seguinte tramo con máis perceptoras é o de 150,01 a 500,00 €. No grupo de homes o primeiro tramo con máis pensionistas é o de 700,01 € a 1.100,00 € e o seguinte tramo con máis perceptores é o de 1.000,01 a 1.500,00 €, e nos tramos superiores son maioritarios e case exclusivos, o n.º de perceptores homes.

Para poder facer unha análise por CC.AA. e sexo utilizaremos os datos do informe da Axencia Tributaria "Mercado de traballo e pensións nas fontes tributarias: 2014 (últimos datos dispoñibles).

Cabe sinalar que se ben en Galicia, o n.º de pensionistas (sen distinción polo tipo de pensión) é superior no colectivo feminino (50,7%), non o son os importes das pensións recibidas. No total das CC.AA. o n.º de mulleres pensionistas chega ao 48,8%.

A pensión media anual das mulleres pensionistas en Galicia alcanzou en 2014 os 10.012 € fronte aos 13.644 € dos homes, o que supón que as mulleres perciben o 73,4% do importe

da pensión masculina, ou o que é o mesmo un 26,6% € menos, o que supón unha significativa diferenza (3.632 € menos ao ano).

Cadro 5.54

Pensión contributivas, segundo tramos de contía mensual, por sexo e clase en miles. España 2015

	Total	Ata 150 €	De 150,01 a 500 €	De 500,01 a 648,59€	De 648,60 a 700€	De 700,01 a 1.100€	De 1.100,01 a 1.500,00	De 1.500,01 a 1.800€	De 1.800,01 a 2.000€	De 2.000,01 a 2.466,21€	Máis de 2.466,21 €
Homes	4.535,3	66,7	474,9	780,9	147,1	1.292,5	694,8	340,8	174,2	539,8	22,4
Incapacidade permanente	606,0	2,0	91,40	109,60	29,20	195,9	85,5	34,3	15,6	37,2	4,8
Xubilación	3.568,5	48,8	144,80	630,70	94,00	1.068,3	597,8	305,4	158,3	502,4	17,6
Viuvedade	174,1	7,1	109,12	24,30	4,30	20,1	8,4	0,6	0,0	0,0	0,0
Orfandade e favor familiares	186,7	8,8	129,60	16,25	19,60	8,2	3,1	0,6	0,3	0,2	0,0
Mulleres	4.768,5	85,9	1.445,3	1.719,0	175,7	777,6	329,3	92,0	38,4	100,2	4,4
Incapacidade permanente	325,5	1,3	92,10	85,50	14,00	70,8	29,4	11,6	5,3	13,7	1,6
Xubilación	2.073,2	38,0	623,10	777,60	54,44	252,8	139,4	66,9	32,2	85,7	2,8
Viuvedade	2.179,0	37,4	600,30	839,20	86,68	444,4	156,9	12,8	0,5	0,6	0,0
Orfandade e favor familiares	190,8	9,2	129,83	16,67	20,53	9,6	3,6	0,6	0,4	0,3	0,0
Ambos os dous sexos⁽¹⁾	9.303,8	152,6	1.920,3	2.499,8	322,8	2.070,1	1.024,1	432,8	212,6	640,1	26,8
Incapacidade permanente	931,6	3,4	183,5	195,1	43,2	266,7	114,9	45,9	20,9	50,9	6,4
Xubilación	5.641,9	86,9	767,9	1.408,3	148,4	1.321,1	737,2	372,3	190,5	588,1	20,4
Viuvedade	2.353,2	44,4	709,4	863,5	91,0	464,5	165,3	13,4	0,5	0,6	0,0
Orfandade e favor familiares	377,7	18,1	259,4	32,9	40,1	17,8	6,7	1,2	0,7	0,5	0,0

(1) Inclúe non consta sexo

Fonte: Anuario de estadísticas laborais 2015. Ministerio de Empleo e S.S.

A muller galega tamén está en desvantaxe se a comparamos coa pensión media das mulleres do resto de CC.AA., con 875 € menos.

As pensionistas galegas ocupan o cuarto lugar das máis baixas, despois de Murcia, Extremadura e Castela-A Mancha.

Cadro 5.55

Pensión por CCAA e sexo. Exercicio 2014

	Total	Mulleres	Homes
	Pensión media anual	Pensión media anual	Pensión medio anual
Andalucía	11.957	10.060	13.745
Aragón	13.999	11.251	16.452
Ppdo. de Asturias	16.440	11.904	20.498
Illas Baleares	12.357	10.468	14.294
Canarias	12.260	10.554	13.824
Cantabria	13.773	10.995	16.394
Castela e León	13.330	11.023	15.278
Castela A Mancha	11.709	9.906	13.026
Cataluña	13.707	11.270	16.077
Comunidad Valenciana	12.333	10.351	14.214
Extremadura	11.084	9.789	12.158
Galicia	11.803	10.012	13.644
C. de Madrid	15.838	12.855	18.851
Rexión de Murcia	11.498	9.675	13.189
A Ríoxa	12.766	10.703	14.607
Cidade de Ceuta	15.310	11.833	18.660
Cidade de Melilla	14.412	11.654	17.115
Total	13.144	10.887	15.301

*Porcentaxe de salario da muller sobre o salario do home

Fonte: Mercado de traballo e pensións nas fontes tributarias: 2014